

As mulleres estamos **fartas**

AS mulleres levamos máis dun século conmemorando o día 8 de Marzo en todo o mundo. Máis de cen anos reivindicando o noso espazo na sociedade, os nosos dereitos. Somos as netas das avoas que, coa súa loita e sacrificio, foron quen de acadar a igualdade formal. Mais en pleno ano 2013, as mulleres de hoxe saímos á rúa para denunciarmos a mesma opresión. Porque o sistema capitalista segue abrindo fendas entre as clases sociais, e segue artellando unha división sexual da sociedade e do traballo que nos prexudica tanto como antes.

As mulleres seguimos estando oprimidas como no ano 1911, que é cando se conmemorou por vez primeira o 8 de Marzo como Día internacional da muller traballadora. E continuamos fartas dun sistema que xera fame, miseria, desemprego, opresión e desarraigo.

**8 de marzo:
día internacional
da muller
traballadora**

FARTAS de sermos discriminadas

FARTAS da situación de desvantaxe histórica que sufrimos

FARTAS de cobrarmos menos salarios ca os homes

FARTAS da temporalidade dos nosos contratos

FARTAS de que sexan a tempo parcial

FARTAS da persecución por exercermos o noso dereito a compatibilizar traballo e vida persoal e familiar

FARTAS de “negociar” protocolos e plans de igualdade en empresas “que non son máis ca declaracións de intencións” por imperativo legal ou co único obxectivo de acceder a subvencións

FARTAS de que a inclusión da perspectiva de xénero na negociación colectiva sexa inexistente ou residual

FARTAS da dupla e tripla xornada

FARTAS de dedicar horas infinitas ás tarefas do fogar e dos coidados

FARTAS da economía somerxida

FARTAS do teito de cristal

FARTAS de sermos acosadas sexualmente

FARTAS da normalidade coa que se asumen as mortes por mor da violencia machista

FARTAS de sermos discriminadas pola nosa orientación sexual

FARTAS de sermos invisibilizadas tamén na linguaxe

FARTAS de que se use a nosa imaxe cousificada e estereotipada para vender produtos

FARTAS da falta de cobertura das prestacións por mor da temporalidade dos nosos contratos

FARTAS da falta de dereitos sexuais e reprodutivos, de non termos dereito a decidir sobre o control dos nosos corpos

FARTAS do desemprego, da falta de protección social

FARTAS de pertencermos a categorías e réximes especiais que nos discriminan

FARTAS de sermos inmigrantes sen papeis, sen dereitos

FARTAS da sangría migratoria que asolaga o noso país por mor da inexistencia de saídas laborais

FARTAS da privatización dos servizos públicos, mentres se invisten cartos públicos en empresas privadas

FARTAS dunha reforma laboral que só supuxo máis paro, máis precariedade e despedimentos máis baratos

FARTAS dos desafuzamentos mentres se aproban amnistías fiscais para os grandes defraudadores

FARTAS de que nas aulas de Galiza non se fale galego

FARTAS da colonización e da españolización do noso país

FARTAS do Partido Popular e das súas políticas neoliberais e ultraconservadoras ao servizo da gran banca e de entidades relixiosas

FARTAS de celebracións e conmemoracións hipócritas por parte das mesmas administracións e poderes que recortan os nosos dereitos.



Secretaría da muller